

## CLÁUSULA TIPO DE SOMETEMENTO AO AGA

Por mor da importancia que ten para a resolución pacífica de conflitos laborais o Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), asinado entre a Confederación de Empresarios de Galicia e as organización sindicais UGT-Galicia, SN de CC.OO. de Galicia e CIG, as partes asinantes do presente Convenio, durante a súa vixencia, acordan, con carácter xeral, someter ás disposicións contidas no AGA, a resolución de calquera discrepancias ou conflitos derivados da interpretación ou aplicación do contido do presente Convenio.

En particular, acordan someter ás disposicións contidas no AGA nos propios termos en que están formuladas, a resolución dos conflitos ou discrepancias xurdidas no seo da Comisión Paritaria, os bloqueos na revisión do presente convenio, así como, entre outros, os xurdidos durante ou á finalización da negociación dos períodos de consulta esixidos nos procedementos de mobilidade xeográfica, modificación substancial e inaplicación de condicións de traballo ou desvinculación salarial contempladas no artigo 82.3 do TRLET, sempre e cando afecten a condicións de traballo de carácter colectivo reguladas no presente Convenio



**CONSELLO GALEGO  
DE RELACIÓNS LABORAIS**